

PERSUASIÓN

Cadernos para a creación e a cultura
nº 4


Lidia Bao
Benxamín Otero
Estevo Creus

FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)
Lalín, outubro de 2018

PERSUASIÓN
Cadernos para a creación e a cultura, nº 4
Lalín, 2017

Textos: Estevo Creus
Fotografías: Lidia Bao e Benxamín Otero
Edita: FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)
<http://focucu.wordpress.com>

Publicado baixo licenza Creative Commons BY-NC-SA
Poden realizarse copias desta obra e obras derivadas
coa condición de que se recoñeza expresamente
a autoría da obra orixinal,
que se faga referencia á fonte
e as obras resultantes sexan publicados
baixo a mesma licenza



Nota: Estes textos non falan das fotografías. Non son unha interpretación nin unha tradución en palabras do mirado. Son, simplemente textos. O aceno do animal fronte das balas.

Estevo Creus

Lidia Bao



[6]



[6]









O corpo dun gato anda
é unha frase.
Non un fotograma.

* * *

Parar a pensar
é a fotografía do tempo
que require a palabra
para impedir
o que proclama

a frase
como cabalo de troia
dentro
da túa boca.

* * *

O tempo
é sempre un tempo na
linguaxe
da
desposesión.

* * *

A ausencia do corpo
é esa dor intensa
que aparece
nese lugar
que xa non se sabe

e
se
de
rra
ma

en marea.

* * *

Por iso doe tanto.

* * *

A dor
é o único lugar certo
que queda de ti.

Relembra os mapas.

* * *

O capital
é o nome
que habita en cada frase
para rescribir

o corpo

porque lle dá medo


este salón
esta rúa
esta praza
esta sucursal

este teu corpo espido
que non fala.

Benxamín Otero













Unha reixa percorre o ceo.

A quietude dunha nube
quizais indique o lugar no que se
sustenta o movemento

cando todo o universo
é unha vaca xusto antes
da palabra.

Ese precipicio
que erradamente quixemos
vencer.

* * *

Hai un lugar de animais fosilizados
dentro
que aínda saben mirar.

A foto é realmente a súa foto.
A decisión é realmente a súa
decisión
de aparecer

ou a chamada.

* * *

Sempre hai un debuxo tatuado
na curva do cerebro
onde se oculta

a paisaxe
e dentro da paisaxe
a súa posición

ouoqueaimpide.

* * *

Difícil pronunciar
a asa dunha taza
o parasol
a cadeira
o sofá
a linde que se estende
até a pregunta

* * *

Que é a pregunta?

E a pregunta é
faise.

Grazas, seguimos

Este caderno dixital
foi construído en Compostela
en outubro de 2018

Para a súa composición utilizáronse
programas e tipografías de código aberto

Deseño e composición: Eduardo Estévez